

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 09/06/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 09/06/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02-jun-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/2197

Dáse conta de escrito presentado por Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía de Arousa solicitando autorización para ocupación de vía pública coa colocación dunha mesa na Praza de Galicia o día 7 de xuño de 2025, en horario de 09:00 a 15:00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2201

Dáse conta de escrito presentado por Dona Julia María Vieira Martínez, solicitando autorización para ocupación de vía pública para instalar posto de bolsas de tela na Praza da Liberdade o 01 de xuño de 2025, durante a sesión Agora Vermut.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2203

Dáse conta da seguinte proposta do Enxeñeiro Informático:

No CPD do Concello está instalado o equipo de aire acondicionado KAYSUN KPC-140 HTN4 de 14 KW, tipo cassette. Este equipo é complementario (backup) do equipo principal AIR BLUE da sala do CPD, a súa existencia é totalmente necesaria e crítica para o funcionamento do CPD.

Este equipo, debido a súa obsolescencia e antigüidade ven sufrindo avarías moi importantes que se foron arranxando, o pasado día 28/5/2025 produciuse una avaría no compresor externo que non ten arranxo posible, polo tanto o equipo permanece apagado. Debido á importancia crítica do seu funcionamento para o CPD, propoño a substitución do equipo de Aire acondicionado KAYSUN

KPC-140 HTN4 DE 14 KW, actualmente instalado no CPD polo seguinte equipo de características similares: CASSETTE MITSUBISHI PLA-SM140EA.

Propoño que a adxudicación se faga a Mantenimientos Gallegos S.L. por ser a empresa que realiza o mantemento dos equipos de airea condicionado do CPD de maneira moi eficiente e porque ambos equipos deben traballar de maneira coordinada.

A instalación do novo equipo MITSUBISHI está composta polos seguintes dispositivos:

Unidade Exterior: MITSUBISHI PUZ-SM140YKA2, TH Regrixerante R-32

Unidade Interior: CASSETTE MITSUBISHI PLA-SM140EA

ROLLO DE TUBERÍA ÍLLADO BITUBO 3/8 E 5/8

REALIZACIÓN DE CONEXIÓNS ELÉCTRICAS E SUMIDOIROS

AMORTIGUADORES CON VARILLA M12 REGULABLE EN ALTURA

MEDIOS DE ELEVACIÓN DA UNIDADE EXTERIOR Á CUBERTA DO EDIFICIO.

ORZAMENTO ESTIMADO DO CONTRATO INVERSIÓN (IVE incluído): 9.483,28 €

CIF/NIF: A15044043

DURACIÓN OU PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO: 1 MES.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a compra con cargo á obra do presuposto de inversións do ano 2024 “Hardware (equipos para toda a organización)”, Programa: 9201, Económica: 62600
- 2.- A adxudicación da compra e instalación do equipo de aire acondicionado de backup da sala de ordenadores do C.P.D. do Concello CASSETTE MITSUBISHI PLA-SM140EA á empresa Mantenimientos Gallegos S.L. (MAGA) por un importe de 9.483,28 € IVE incluído, con cargo á partida 9201-62600.

PRP2025/2202

Dáse conta de escrito presentado por Dona Camila Pilar Alba Gómez, solicitando autorización para ocupación de vía pública para instalar un posto de venda de produtos de xoeiría e complementos na Praza da II República o día 31-05-2025, con motivo do Festivala.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, da instalación do citado posto na Alameda.

PRP2025/2204

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo García Mauricio (Animación Sociocultural Nydia), solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 21 de xuño de 2025, para realizar unha actuación de baile con motivo da Festa da Música.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo

que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/2215

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Kone Elevadores SA, para reparación do elevador da Praza de Abastos, por un importe total de 4.658,5€ (IVE incluído), con cargo á partida 4312.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2228

Dáse conta da seguinte proposta do Director da área de Comunicación:

Nos últimos anos, o Concello vén publicitando na Radio Galega catro eventos de forma sistemática: Santa Rita, Cidade de Libro, San Roque e Nadalízate (toda a programación arredor do Nadal: recepción de Papa Noel, Fexturrón, teatro, cine...). O investimento faise a través da axencia Balsa Publicidad, SL.

Tendo en conta a continuidade desas accións, a axencia que xestiona a publicidade na canle autonómica propón agrupar todas as accións nun so contrato, o que ofrece para o Concello dúas vantaxes: unha, que se incrementa o número de cuñas e polo tanto baixa o prezo unitario; e outra, que o uso das cuñas previstas -20+20+30+20- é flexible, de xeito que a Administración pode decidir en cada momento cantas quere utilizar segundo lle conveña: por exemplo, reforzar Cidade de Libro utilizando parte das cuñas previstas para San Roque. Ao tempo, a empresa gaña en seguridade na contratación e tamén en axilidade en canto á facturación e cobro, xa que ten o amparo dun contrato anual e iso permítelle planificarse mellor.

Por todo isto a Xunta de Goberno acorda aprobar o presuposto, de Balsa Publicidad, SL, CIF B-70210307, por importe de 1.800 euros (2.178 €, con IVE do 21%incluído) para os catro eventos citados, con carog á partida 926-22602.

PRP2025/2229

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Cuevas SL para a reparación de marquesiñas en mal estado nas seguintes localizacións:

- Avenida Rosalía de Castro á altura do número 26.
- Avenida Rodrigo de Mendoza á altura do número 8.
- Avenida das Carolinas á altura do número 28.
- Avenida Doctor Tourón á altura do número 39.
- Rúa a Pena, Trabanca Badiña.
- Renza
- O Piñeiro
- Rúa Armando Cotarelo Valledor

Por un importe total de 6.396,06€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530.62500

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2231

Dáse conta do escrito presentado por D. Diego Doval Balsa, en representación da Asociación

Deportiva e Cultural EncestaRías solicitando, con motivo da celebración da clausura da Master Senior Leage 2025, o día 14 de xuño, de 9:00 a 14:00 horas, o seguinte:

- Autorización uso da Praza de Galicia.
- Autorización da pista do Pavillón Municipal Castelao-Helena Mariño, no caso de inclemencias metereolóxicas.
- Cesión dunha canastra regulamentaria de baloncesto, 200 cadeiras, 3 carpas, 3 mesas, 1 marcador portátil, un equipo de son e un punto de corrente.

Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2237

Dáse conta do escrito presentado por Dona Susana Bahamonde Cochon, usuaria da liña de autobuses que circula de Bamio-Vilagarcía, que facía a parada na zona da estación do tren, na entrada da estación de autobuses, e na actualidade o citado autobús non fai a parada, no devandito lugar, polo que, solicita que o autobús da liña Bamio-Vilagarcía faga a parada na zona da estación de tren, entrada á estación de autobuses. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir á Xunta de Galicia a solicitude para que a liña de autobuses Vilagarcía-Carril-Bamio, circule ata a estación de tren para logar unha verdadeira intermodalidade.

Dar conta á Consellería de Infraestruturas.

PRP2025/2262

Dáse conta da proposta da Alcaldía para aprobar a solicitude de reparación urxente de varios viais da Xunta de Galicia:

Tras varias reunións mantidas dende o Goberno Local cos veciños e veciñas de distintas zonas de Vilagarcía de Arousa, estes trasladáronnos a súa preocupación polo estado dos viais autonómicos que trasncurren pola nosa cidade, detectando problemas nas beirarrúas, na capa de rodadura e sinalización horizontal dos mesmos que supoñen unha incomodidade e problema para a seguridade vial dos usuarios e usuarias.

Os viais referidos son:

- Avenida de Rosalía de Castro (PO-548)
- Avenida de Agustín Romero-Cornazo (PO-301)
- Avenida de Cambados-Vilanova (PO-549)
- Estrada vella de Bamio (PO-192)

En consecuencia, requirese do departamento técnico municipal para que informe das principais incidencias nos referidos viais autonómicos, polo que a Xunta de Goberno acorda solicitar á Consellería a súa actuación con carácter urxente, nos viais citados que soportan un volume importante de tráfico por ser as principais entradas de Vilagarcía de Arousa.

PRP2025/2282

Dáse conta da proposta do encargado de Alumeado Público para aprobar o gasto da contratación do servizo de mantemento e xestión de dous puntos de recarga para vehículos eléctricos situados na praza da Verdura e praza de Abastos de Vilaxoán.

Tendo en conta que os equipos instalados contan cunha potencia inferior a 22 kW e se atopan en espazo público, considérase imprescindible contratar un servizo que inclúa o mantemento preventivo e correctivo, así como a xestión integral dos mesmos.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1- Aprobar a contratación do servizo de mantemento e xestión de dous puntos de recarga (<22 kW)

á empresa Digavel Charging Energea Consulting y Asesores S.L. por importe total de 2.323,20€ iva incluído, con cargo á partida 4312-22799.

2- Autorizar o gasto correspondente ao custo total do contrato por un período de un ano con cargo á partida orzamentaria correspondente.

3- Establecer como data de inicio do contrato o 10 de xuño de 2025

4- Facultar á persoa titular da Alcaldía para a sinatura do contrato e cantos actos administrativos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2337

Dáse conta do escrito presentado por Dona Yineiri Coromoto Franco Cabrera, solicitando autorización para realizar unha actuación acústica na terraza do "Bar Carril" sito en Praza da Liberdade nº8, o 15 de xuño de 2025 en horario de 13:00 a 16:00 horas.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/2211

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio para aprobar a contratación do Helix Trio para un concerto da VIII edición do festival ClasClas:

Proponse a contratación do HELIX TRIO para a realización dun concerto do programa artístico do festival o domingo 22 de xuño no Salón García ás 21:00 horas. O Helix Trio é o ensemble gañador dos Circuitos Emergentes 2025 de la Asociación Española de Festivales de Música Clásica, Festclásica, e realizará concertos no Festival clasclás, no Festival Asisa de Villaviciosa de Odón, na Quincena Musical de Donosti, no Festival Internacional de Santander, no Festival MUSEG de Segovia, e no Festival Internacional de Pollença, entre outros.

O trio está composto por Paula Belzunegui, Jaume Angelés e Iago Domínguez

O Helix Trio presenta o seu orzamento de xeito separado:

- Por unha banda Espacio Arte Zenit SL, con CIFB B70936471, en representación de Paula

Belzunegui Moreno e Jaume Andreu Angelés Fité

- Por outra banda Iago Domínguez Eiras, con pasaporte español nº PAN599961 En representación propia

Os orzamentos dos contratos ascenden a:

- Espacio ARTE ZENIT S.L. con CIFB B70936471 en representación de Paula Belzunegui Moreno e Jaume Andreu Angelés Fité. 1.389,64 € + 21 % do IVE = 1.681,46 €

- Iago Domínguez Eiras, con residencia en Suíza e nº de pasaporte español PAN599961, en representación propia, polo importe de 764,30 € ao que compre engadir o 10% de IVE por inversión do suxeto pasivo, o que faría un total de 840,73 €

O Concerto terá lugar o domingo 22 de xuño ás 21:00 h no Salón García

Por todo o anteriormente exposto

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a contratación do Helix Trio por un importe total de 2.522,19 € desagregado tal e como segue

- Espacio ARTE ZENIT S.L. con CIFB B70936471 en representación de Paula Belzunegui Moreno e Jaume Andreu Angelés Fité, por un total de 1.681,46 € (1.389,64 € + 291,82 € do 21 % do IVE) =

- Iago Domínguez Eiras, con nº de pasaporte español PAN599961 en representación propia, polo importe total de 840,73€, desagregado en 764,30 € de caché ao que compre engadir o 10% de IVE por inversión do suxeto pasivo.

En ámbolos dous casos a proposta de gasto realízase con cargo á partida 2025 3261 22609 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 1, financiada con RRPP.

PRP2025/2212

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio para aprobar o gastos de aloxamento da VIII edición do Festival Internacional de Música ClasClas:

Compre proceder á adxudicación dos gastos de aloxamento da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás, que nesta edición se realizará exclusivamente no Hotel Alda Rías Baixas S.L.U con CIF B70476494 (Hotel Alda Castelao) de Vilagarcía de Arousa.

Se aloxarán neste Hotel os 13 participantes no programa artístico do Festival, con datas de entrada comprendidas entre o 20/06/2025 e o 25/06/2025, e datas de saída que abranguen desde o 22/06/2025 e ata o 27/06/2025 en función dos días que estarán en Vilagarcía para a realización do programa artístico do festival.

Aloxamento no Hotel Alda Rías Baixas Castelao para trece músicos do Programa Artístico.

O total do orzamento de gastos de aloxamento do Festival no Hotel Alda Castelao - Alda Rías Baixas S.L.U. por un importe de 1.481,58 € + 148,17 € do 10 % do IVE, facendo un total de 1.629,75€

DURACIÓN OU PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO: dende o 22 ao 27 de xuño de 2025.

Achégase o borrador da factura remitida polo Hotel Alda Castelao

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o gasto de aloxamento da VIII edición do Festival Internacional de Música Clasclás 2025 a realizar no Hotel Alda Castelao - Alda Rías Baixas S.L.U - segundo se especifica anteriormente por un importe total de 1.629,75 € con cargo ao Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 1 Partida 2025 3261 22699 do orzamento do festival para o ano 2025.

PRP2025/2213

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio para aprobar o gasto da adquisición de material de merchandising para a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025:

Coma cada edición do Festival clasclás, compre proceder á adquisición de camisetas de merchandising que conteñen o logo do Festival para a súa utilización polo alumnado do Conservatorio Profesional e Escola Municipal de Música no Programa clasclás a pé de rúa, así como polos participantes no Programa de Masterclasses e no Programa Artístico.

Para elo tense contactado con SERILUA MERCHANDISING S.L. con CIF B70519988 co obxectivo de solicitarlle orzamento para a adquisición de camisetas.

CARACTERÍSTICAS: Adquisición de 300 camisetas 100% algodón (tallas XS, S, M, L, XL, XXXL) modelo SOL'S REGENT Camiseta branca 100% algodón, 150 Grs. Marcaxe do Logo do festival en tinta dorada a dúas caras.

ORZAMENTO ESTIMADO do contrato:

O orzamento facilitado por SERILUA MERCHANDISING S.L. é o seguinte

300 camisetas x 3,25 € = 975,00 € + 204,75 € do 21% do IVE = 1.179,75 €

DURACIÓN OU PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO:

As camisetas deberán estar entregadas con data tope do 12 de xuño de 2025

Por todo o anteriormente exposto

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a adquisición de 300 camisetas co logo do festival clasclás á SERILUA MERCHANDISING S.L. con CIF B70519988 polo importe total de 1.179,75 € (300 camisetas x 3,25 € = 975,00 € + 204,75 € do 21% do IVE) con cargo ao Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 1 Partida 2025 3261 22602 do orzamento do Festival clasclás para o ano 2025.

PRP2025/2214

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio para aprobar o gasto contratación dunha póliza de seguro de accidentes para o desenvolvemento da VIII edición do Festival clasclás:

Tal e como realiza o Concello cada ano e para a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás, a contratación dunha póliza de seguro de accidentes para a cobertura dos artistas e participantes que forman parte desta vindeira edición.

Nesta póliza, ademais dos artistas internacionais e dos artistas nacionais, figuran engadidos a totalidade de alumnado do Conservatorio Profesional e da Escola Municipal de Música que participarán no Programa clasclás a pé de rúa, estimando o número total de participantes en 150. Temos contactado con Willis Towers Watson Galicia Correduría de Seguros S.A. co obxectivo de solicitar información actualizada relativa á cobertura da RC do Concello de Vilagarcía para a celebración do festival clasclás 2025.

Achegase a este informe a Certificación da Mutua General de Seguros e Reaseguros S.A., MGS relativa á cobertura da RC subscrita co Concello de Vilagarcía de Arousa para a VIII edición do festival.

Por outra banda, e de igual xeito que o realizamos en pasadas edicións, temos solicitado a Correduría de Seguros Willis Towers Watson, remitise unha proposta de cotización de seguro de accidentes para todos os participantes na VIII edición do festival (desde o 14 ata o 29 de xuño de 2025) co obxectivo de tentar cubrir calquera tipo de accidente que puidese ter lugar ao longo do desenvolvemento do Festival.

Segundo o anteriormente exposto Willis Towers Watson Galicia Correduría de Seguros S.A., ten realizado diversas consultas na procura da cotización de diversas aseguradoras, sendo a máis vantaxosa, tanto desde o punto de vista das diferentes coberturas como desde o punto de vista económico, a presentada por W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España (W.R. Berkley España) con CIF W0371455G e domicilio en Paseo de la Castellana nº 141, 8ª planta 28046 Madrid

COTIZACIÓN:

FECHA INICIO: 14.06.2025

FECHA FINALIZACIÓN: 29.06.2025 (ambos inclusive)

ACTIVIDAD: PARTICIPANTES (ARTISTAS Y ESTUDIANTES) FESTIVAL DE MÚSICA CLÁSICA CLASCLAS. CONCIERTOS DE MÚSICA EN EDIFICIOS PÚBLICOS Y EN LA CALLE

ASEGURADOS: 150 participantes de todas las edades (se facilitará relación nominal llegado el momento de la emisión de la póliza)

GARANTÍA:

FALLECIMIENTO POR ACCIDENTE: 12.000 €

IP BAREMO POR ACCIDENTE: 12.000 €

GASTOS SANITARIOS/ASISTENCIA SANITARIA: ILIMITADOS

GASTOS SANITARIOS LIBRE ELECCIÓN: 601,01 €

ACTIVIDAD:

Participantes (Artistas y estudiantes) FESTIVAL DE MÚSICA CLÁSICA CLASCLAS. Conciertos de música en edificios públicos y en la calle. Participantes en el Programa Artístico, Participantes en el Programa Masterclaseses, Persona de la organización del evento, y alumnos del conservatorio y de la escuela municipal de música que van a participar en el festival de Música Clas Clas que se celebrará del 14 al 29 de junio de 2025. Sistema de identificación vía libro de registro del tomador. O orzamento presentado por W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España (W.R. Berkley España), ascende a 220,81 €

DURACIÓN OU PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO:

FECHA INICIO: 14.06.2025

FECHA FINALIZACIÓN: 29.06.2025

Por todo o anteriormente exposto

A Xunta de Goberno Local acorda

Aprobar a contratación da póliza de seguro a W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España (W.R. Berkley España) con CIF W0371455G , que ten facilitado Willis Towers Watson Galicia Correduría de Seguros S.A. por un importe total de 220,81 € con cargo á partida 2025 3261 224 Primas de seguros do Proxecto de Orzamento con código 2025-3-CRRTE-5- Liña 1 e para a cobertura de todos os participantes na VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025.

Achégase o proxecto de cotización presentado por W.R. Berkley España e o Certificado de cobertura da póliza de RC subscria coa Mutua General de Seguros e Reaseguros S.A., MGS

PRP2025/2235

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio para aprobar a solicitude de provisión de fondos por un importe de 6.200,00€ para gastos da VII Edición do Festival Internacional de Música ClasClas 2025:

Que no desenvolvemento do proxecto da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás, compre proceder ao abono de determinados gastos de inmediato que non é posible realizar doutro xeito, xa que os servizos que se enumeran a continuación precisan do abono urxente dos mesmos coma condición para a súa prestación.

Por elo, solicítase se proceda, como cada ano, á concesión dunha provisión de fondos a favor da Sra. Concelleira de Facenda, Luz María Abalo Pérez por un importe total de 5.700,00 € desagregado e explicitado tal e como segue:

Partida	Concepto	Importe	Descrición
2025 3261 223	Transportes	1.200,00 €	Gastos de transporte do festival clasclás 2025, taxis

2025 3261 22699	Outros gastos diversos	4.500,00	Gastos de restauración do festival clasclás 2025
	TOTAL	5.700,00 €	

De xeito pormenorizado se describen as necesidades solicitadas que se precisan engadir na provisión de fondos:

1 Gastos de Transporte do Festival, por un importe de 1.200,00 € e con cargo á partida 2025 3261 223 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE –5, Liña 1 do Festival clasclás para o ano 2025. Ao longo do festival é preciso proceder á contratación de diversos servizos privados de transporte co obxectivo de recoller é levar aos artistas aos respectivos aeroportos (Vigo e Santiago) e estacións de tren así coma os desprazamentos que se precisen ao longo da súa estadía en Vilagarcía de Arousa.

2 Gastos de Restauración do Festival, por un importe total de 4.500,00 € e con cargo á partida 2025 3261 22699 do proxecto co código 2025-3-CRRTE – 5- Liña 1 do Festival clasclás e a realizar en diversos establecementos hosteleiros de Vilagarcía .

Nos gastos de restauración do festival están comprendidos os gastos de manutención precisos e necesarios ao longo do festival coma comidas, ceas ou caterings. A solicitude de provisión de fondos neste apartado ven derivada dos seguintes aspectos:

Non é posible poder coñecer a día de hoxe o número exacto de persoas que cada día van xantar ou cear, aínda que tentamos facer unha previsión o máis real posible. Pode darse o caso de que alguén non desexe unirse ao grupo ou que sexa preciso cubrir necesidades especiais dalgún dos artistas.

É preciso aboar os gastos de restauración coa máxima dilixencia posible, xa que moitos dos establecementos aos que solemos acudir teñen solicitado que se proceda ao abono das facturas con rapidez.

Os gastos de restauración do festival se van producir ao longo de oito días nos que tentamos acudir a diferentes establecementos hosteleiros de Vilagarcía. Está previsto que as comidas se realicen nos establecementos habituais da cidade, pero resulta imposible coñecer a concreción económica do gasto.

Por todo o anteriormente exposto

A Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a provisión de fondos por un importe de 5.700,00 € a favor da Sra. Concelleira de Facenda, Luz María Abalo Pérez para proceder ao o abono de diversos gastos do festival tal e como figura baixo estas liñas e consignado no orzamento do festival para o ano 2025, e que non é posible aboar doutro xeito, xa que os provedores precisan do abono inmediato dos servizos realizados presentando, de seguido, a xustificación completa da dita provisión mediante as correspondentes facturas.

Partida	Proxecto	Concepto	Importe
2025 3261 223	2025-3-CRRTE - 5-1	Gastos de transporte do festival	1.200,00 €
2025 3261 22699		Gastos de restauración do festival	4.500,00 €
TOTAL			5.700,00 €

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2025/2196

Dáse conta da concesión de subvención da Deputación de Pontevedra ao Concello de Vilagarcía, dirixidas aos concellos para actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025(procedemento SIA2329331, Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 45 do xoves 6 de marzo de 2025), pola cantidade de 4.867,50€ para o programa ACTIVIDADES LITERATOUR2025, o 75% do custo da actividade presentada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE

PRP2025/2151

A Concellería de Xuventude solicita á Xunta de Goberno Local a corrección dun erro material no acordado en relación a ampliación por un total de 577,50 €, (proposta aprobada pola XGL do 7 de abril de 2025), do importe en concepto de sonorización, animación musical e retransmisión da Festa da Toma das Uvas (xa que non se incluíra no seu momento o íve correspondente). Si ben no acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de abril de 2025, en base á proposta presentada, se recolle a necesidade de ampliación na cantidade correcta, 577,50 € en dous dos seus puntos, ao final, existe un erro material e polo tanto é necesaria a corrección do mesmo.

Onde se recolle “A aprobación da ampliación do orzamento acordado pola XGL do 16 de decembro de 2024, por un importe de 557,50 (íve engadido)”,

Debe poñer “A aprobación da ampliación do orzamento acordado pola XGL do 16 de decembro de 2024, por un importe de 577,50 (íve engadido)”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda correxir o citado erro.

PRP2025/2260

A Concellería de Xuventude, en colaboración coa Concellería de Cultura e de Turismo, solicita á Xunta de Goberno Local, a aprobación do orzamento contable da seguinte acción cultural: VILAGARCÍA DE AROUSA, CIDADE DE LIBRO 2025. (Actividade financiada parcialmente pola Consellería de Cultura, pola Deputación de Pontevedra e polo Ministerio de Cultura. .

Trátase dun programa multidisciplinar e de dinamización lectora centrado nunha serie de actividades de animación á lectura destinadas a todas as idades con vocación de converter ao noso municipio nun centro cultural especializado na temática da literatura. O principio de partida é o dereito das persoas ao acceso universal á cultura a través do libro.

A actividade, detallada no programa da memoria xustificativa adxunta, supón un orzamento total de 88.200,00€ € (íve engadido).

Reparto do orzamento por partidas:

Concellería de Xuventude (íve engadido): 41.300,00€, con cargo á partida 2314.22610.

Concellería de Cultura (íve engadido): 34.810,00€, con cargo á partida 334.22609.

Normalización Ligüística: 6.490,00€ (íve engadido) con cargo á partida 334-22637

Turismo (íve engadido): 900 €, con cargo á partida 432.22610.

Educación: 1.200,00€ (íve engadido)con cargo á partida 320-22610

Comunicación: 3.500 € (íve engadido), con cargo á partida 926.22602.

A Xunta de Goberno Local acorda:

A Aprobación do orzamento total a cargo das partidas orzamentarias das Concellerías de Xuventude, Turismo, Comunicación e de Cultura, Normalización Ligüística e Educación de 2025.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/2264

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Medio Ambiente:

Os próximos días 5 e 8 de xuño celébranse respectivamente os días mundiais do medio ambiente e dos océanos. As onomásticas deste tipo buscan promover a sensibilización sobre a importancia de coidar os nosos ecosistemas.

Para conmemorar estes días propónse a realización da actividade “mergullando sen nos mollar”, actividade intimamente vinculada co mundo mariño e os océanos consistente un percorrido inmersivo polo patrimonio submarino galego a través de imaxes de 360º e gafas de realidade virtual. A actividade terá unha duración de 1h e 30 minutos e poderán participar un máximo de 50 persoas. A data na que se desenvolverá será un día no mes de xuño que se acordará co este departamento. 13GRADOS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, con CIF F-27881416 é a cooperativa que fai esta proposta que terá un custo de 410 € (IVE non incluído).

Por todo isto a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o orzamento presentado por 13 Grados Sociedade Cooperativa Galega, por importe de 496,10(ive engadido), con cargo á partida 1720-22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2025, é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2267

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Baygar, S.L. para o subministro de vinte mesas recicladas de picnic para colocar en distintos parques e espazos do témino municipal (Guillán, Carril, Campo de Faxilde), por un importe total de 5.841,88€ (IVE incluído), con cargo á partida 171.215, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2283

Vista a proposta do Servizo Municipal de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Lappset España, para a ampliación dun elemento no parque de calistenia da praia da Concha, por un importe de 5.953,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 1720-62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/2234

Con data 30 de maio de 2025 publicouse no DOG a Resolución da Secretaria Xeral da Igualdade, pola que se resolven as subvencións a entidades locais para a promoción da Igualdade, convocada no DOG do 06 de febreiro de 2025

A Área de Igualdade – CIM solicitou subvención ao abeiro desta convocatoria para o Programa de Apoio aos Centros de Información á Muller por importe de 193.005,67 € €. Solicitud aprobada na XGL do 3 de marzo PRP2024/0206

En base ao anterior dende a área de Igualdade – CIM dáse conta á Xunta de Goberno que pola Secretaria Xeral da Igualdade concedeuse a este Concello unha subvención de 52.000,00€ (máximo subvencionable) para o Programa de Apoio aos Centros de Información á Muller (CIM), no período do 1 de abril de 2025 ao 31 de marzo de 2025 co expte. SI427b 2025/71. Subvención que foi repartida do seguinte xeito:

PERÍODO 01 04 25 – 30 11 25 PERÍODO 01 12 25 – 31 03 26

Dirección 10.881,75 5.440,87

As. Xurídico 3.886,87 1.943,44

At. Psicolóxica 10.881,75 5.440,87

Ax. Igualdade 9.016,30 4.508,15

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CULTURA

PRP2025/2206

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Mulleres Rurais de Bamio, por un importe total de 1.879,25€, con cargo á partida 334.22703:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	TOTAL GASTO
CASTROMAN ISL	B36406650	Diverso material	1.879,25€
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL DE BAMIO	1.879,25€

Acórdase o reintegro á partida correspondente da diferenza restante que ascende a cantidade de 120,75€

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2205

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Roque de Castroagudín, por un importe total de 1.997,39 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Material de limpeza e hixiene s/orzamento	599,84€	DISTRILEMA QUIMICOS SL
Actuacións os días 19 de xullo e 20 de setembro	1.397,55€	ANTONIO CACABELOS FALCÓN (ESPECTÁCULOS TOÑO)
TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL	1.997,39€	

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2207

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Martiño de Sobrán, por un importe total de 1.999,38€:

Concepto	Importe	Partida	Provedor
Subministro de material segundo orzamento	1999,38€	334.22703	CASTROMAN I, S.L.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2208

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños de Vilaxoán, por un importe total de 1.999,24€, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Diveso material	1.069,35€	Castromán I, SL
Actuación grupo musical	475,00€	Producións Vacaloura, S.L.
Material e accesorios	454,89€	Carlos Galbán Zaragoza
TOTAL	1.999,24€	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2209

Por Dona Gema Pizarro Expósito solicitouse o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal para a celebración da actividade denominada Festival Fin de Curso o día 7 de xuño de 2025.

Esta actividade tivo un prezo de entrada de: Zona A e B: 4 €; Zona C: 3€, sendo a recadación obtida para o solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as taxas correspondentes ó uso da citada instalación municipal:

- Salón de Actos do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 61,20 €
- Operario 2 :122,40€
- TOTAL: 448,30 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN**PRP2025/2170**

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 23 de maio de 2025, polo que se concede a este Concello unha subvención , ao abeiro do Plan + Provincia 2025, liña 1_Investmentos, por importe de 92.390,94 €, co obxecto do financiamento do investimento "Ampliación de saneamento e abastecemento na Rúa Muíños de Cea" (expte. 2025021327), cuxo orzamento ascende a 92.390,94 €, quedando a concesión configurada do seguinte xeito:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
92.390,94 €	92.390,94 €	0 €	0 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2178

Dáse conta do expediente de contratación CT 34/2023-e tramitado mediante Procedemento Aberto, non suxeito a regulación armonizada, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para

adxudicar as obras contempladas no proxecto denominado "Ampliación das instalacións e piscinas de Fontecarmoa", cofinancidas pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra, cun orzamento de licitación de 2.631.499,45 € (sen IVE) e de 3.184.114,33 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B97400626 VILOR INFRAESTRUCTURAS, S.L.

A oferta presentada polo licitador, é a seguinte:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Oferta económica con IVE	Aumento do prazo de garantía
